



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: II Curso de cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística

CONVOCATORIA: II Curso de cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	16
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 25/10/2022 - 09:00h ao 04/11/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIVIA TRILLO, PAULA [paula.olivete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

A segunda edición do Curso de cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística persegue, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Avaliar as principais novidades normativas na materia de ordenación do territorio e urbanismo desde o enfoque da práctica diaria dos diferentes axentes implicados.
- Clarificar as relacións entre suxeitos que operan na defensa da ordenación do territorio, do urbanismo e do litoral: fiscalía, xulgados e tribunais, administracións territoriais con distintas competencias sectoriais, universidades ou colexios profesionais que velan polo adecuado exercicio das profesións cualificadas para o proceso de urbanización e edificación.
- Obter a visión dos diferentes axentes que colaboran para o exercicio das súas respectivas potestades e competencias en defensa da legalidade territorial, urbanística e da ordenación do litoral en Galicia.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida preferentemente ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) e demais persoal das entidades adscritas á dita consellería, así como ao persoal técnico e xurídico de concellos adheridos á APLU que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística, que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público das ditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, con interese na materia.

PROGRAMA

1. O réxime de «fóra de ordenación».
2. Actuacións suxeitas a autorización autonómica e a declaración responsable en materia de costas: procedemento e criterios de outorgamento das autorizacións.
3. Réxime transitorio das construcións existentes antes da entrada en vigor da Lei de costas sobre terreos actualmente afectados pola servidume de protección marítimo-terrestre.
4. Incidencia da normativa sectorial de turismo sobre o territorio. Coordinación coa normativa urbanística.
5. Incidencia da normativa sectorial de estradas sobre o urbanismo.
6. A eficacia xurídica dos títulos administrativos habilitantes en materia urbanística e incidencia sobre o control disciplinario. Caducidade das licenzas urbanísticas.
7. Reforma, reconstrución, rehabilitación e ampliación de edificacións tradicionais en solo rústico ou de núcleos rurais.
8. Incidencias na execución das resolucións administrativas de ordes de demolición. Causas de imposibilidade legal ou material de execución.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base terceira da convocatoria respecto das persoas destinatarias.

Para a selección seguirase a seguinte orde de prelación:

- 1º. Preferencia do persoal técnico e xurídico da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU): persoal de inspección urbanística, de subinspección urbanística e persoal das xefaturas de servizo da APLU.
- 2º. Persoal técnico e xurídico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística.
- 3º. Persoal técnico e xurídico de concellos adheridos á APLU que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística.
- 4º. Persoal técnico e xurídico das demais entidades adscritas á devandita consellería que desenvolvan funcións relacionadas coa materia urbanística.
- 5º. No caso de resultaren vacantes unha vez aplicadas as preferencias anteriores, calquera persoal empregado público con interese na materia.

A orde entre as persoas solicitantes de cada un dos cinco grupos anteriores será determinada pola data e hora da súa inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas interesadas deberán seleccionar, primeiro, a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois, seleccionar en nome do curso: II Curso de cuestións de actualidade e relacións de colaboración con axentes implicados na disciplina urbanística.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/11/2022 a 16/11/2022

NUM. PRAZAS: 150

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

OLALLA FLORES FERNÁNDEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 14 de novembro de 11:30 a 14:00. O día 14 de novembro de 16:00 a 18:00. O día 15 de novembro de 09:30 a 14:00. O día 15 de novembro de 16:00 a 18:00. O día 16 de novembro de 09:30 a 14:00. O día 16 de novembro de 16:00 a 18:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA